

ANUNCIO RESOLUCIÓN RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS PROCESO SELECCIÓN DE 2 POSTOS DE PEÓNS OBRAS PÚBLICAS, FUNCIONARIA/OS INTERINA/OS, NOMEAMENTO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIA PROBAS DE SELECCIÓN.

Por resolución da Alcaldía do día 20 de febreiro de 2025, aprobouse definitivamente a lista de admitidos da convocatoria relativa ao proceso de selección de 2 postos de peóns obras públicas, funcionaria/os interina/os do Concello de Paradela, a designación de membros do tribunal e data de constitución do mesmo, así como o lugar e hora de realización do proceso de selección.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Rematado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso de selección de 2 postos de peóns obras públicas, funcionaria/os interina/os, na modalidade prevista no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23.2.c da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego público de Galicia, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024-Programa reforzo do emprego e de conformidade co establecido nas bases aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 6 de febreiro de 2025, RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitida/os e excluída/os, da/os candidata/os participantes no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria dos 2 postos de Peóns obras públicas, funcionaria/os interina/os.

RELACIÓN DE ASPIRANTES

ADMITIDA/OS:

Nome e apelidos
José López López.
Daniel Fernández Morillas.
José Manuel López Díaz.
José Antonio Díaz Arias.
Fernando González López.

EXCLUÍDA/OS:

Ningún.

SEGUNDO. Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidata/os, nin é necesario o trámite de emenda polos candidata/os que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula quinta das bases que regulan este proceso de selección, dítase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web www.paradela.es



TERCEIRO. Visto o establecido na cláusula sexta das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador e fixándose a data da súa constitución para o día 26 de febreiro de 2025:

— Presidente: D. Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: Maria José Espín Fontal, Empregada pública do Concello de Triacastela (Lugo).

— 1º Vogal: Dª. Maria José Golas Moure, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: Maria Isabel López Fernández, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— 2º Vogal: Juan Carlos Abella López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: Dª. Antía Pena Dorado, Empregada pública do Concello de Ponteceso (A Coruña).

— 3º Vogal: D. José Luis Rodríguez López Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: Maria Cristina González Santín. Empregada pública do Concello de Monforte de Lemos (Lugo).

— Secretario: Dª. Ruth López-Mosquera García, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D. José López González. Empregado público do Concello de Touro (A Coruña).

CUARTO. A realización da fase de oposición, terá lugar o día 6 de marzo de 2025, en primeiro lugar o primeiro exercicio (proba escrita) ás 09:30 horas, na Casa do Concello de Paradela. Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15. 27611 Paradela (Lugo). Trala finalización da proba escrita, o tribunal publicará as puntuacións e aqueles candidatos que superen o primeiro exercicio poderán realizar a continuación o segundo exercicio (proba práctica).

Os candidatos que superando o fase de oposición e que non acreditarán o coñecemento de galego mediante a achega do CELGA 2, en cumprimento do establecido na cláusula terceira e sétima, realizaran a continuación a proba de galego.

Na mesma xornada e segundo o establecido nas bases que rexen o proceso de selección, procederase o acto de valoración de méritos da fase de concurso.

QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos para os efectos oportunos, a designación do tribunal e a data de constitución do mesmo, así como o lugar e hora de realización do proceso de selección.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

A Alcaldesa,
Asdo: Maria Montserrat Mulet Sar

A Secretaria-Interventora
Asdo: Ruth López-Mosquera García

Documento asinado ao marxe electronicamente.”



Isto faise público de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección de 2 postos de peóns obras públicas, funcionaria/os interina/os ao abeiro do Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2024-Programa Reforzo do Emprego.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na súa páxina web www.paradela.es, ante a alcaldesa do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na súa páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

**Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.
A alcaldesa
Documento asinado ao marxe electronicamente**

